

- 3) Dúas fotografías tamaño carné.
- 4) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Si o aspirante anterior tivese xa a condición de funcionario público, estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

O aspirante aprobado que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentase a documentación esixida ou dela se deducise que carece dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderá ser nomeado, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

**Terceiro.-** Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 3285

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de agosto de 2014 acordouse resolver e deixar sen efecto as autorizacións concedidas para a instalación da CASETA Nº 5 E CALDEIRO DE POLBO Nº 5 para as festas de San Froilán 2014, pola falta de pagamento en prazo das taxas correspondentes á ocupación de dominio público das devanditas instalacións.

Na súa consecuencia acordouse abrir un novo período de presentación de proposicións para ditos postos, dándose a coñecer a súa licitación mediante o presente anuncio:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** autorización para a instalación da caseta nº 5 e do caldeiro do polbo nº 5 durante as festas do San Froilán do presente ano 2014.

b) **Prazo de duración:** Durante o período que se indique, neste ano 2014.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:**

Os prezos mínimos para a licitación da caseta e o caldeiro do polbo, son os que a continuación se detallan:

1. CASETA Nº 5	2. 14.470,13 €
3. CALDEIRO Nº 5	4. 7.339,92 €

**5.- Garantías:**

a) **Provisional:** Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional polo importe do 3% de cada unha das instalacións.

b) **Definitiva:** O licitador que presente a oferta máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante/outros)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 7.- **Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e no prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordos da Xunta de Goberno Local dos días 30 de marzo e 20 de abril de 2011, números 20/201 e 32/284, respectivamente.

#### 8.- **Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

#### c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben por correo.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

#### 9.- **Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas, no prego de cláusulas administrativas particulares, así como no acordo da Xunta de Goberno Local do día de hoxe.

11.- **Gastos:** 200 euros aproximadamente.

Lugo, 27 de agosto de 2014.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA María del Carmen Basadre Vázquez

R. 3302

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 21 de agosto do 2014, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente **o terceiro bimestre do exercicio 2014**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 22 de agosto de 2014 ao 22 de outubro do 2014.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do Padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.